

EDWARD BULWER-LYTTON

A casa e o cerebro

Traducido por Alejandro Tobar



Vólvense os paxaros contra as escopetas

Un meu amigo –home de letras e filósofo– díxome certo día, medio en broma, medio en serio:

—Oíches? Dende a última vez que nos vimos tiven ocasión de dar cunha casa encantada no medio da néboa de Londres.

—Encantada de verdade? E logo que lle pasa? Ten pantasma?

—Lamento non ter resposta para esas preguntas... O que sei é o seguinte: hai seis semanas, a miña muller e mais eu andabamos á procura dun apartamento amoblado. Así foi que, cando paseabamos por unha rúa de pouco tránsito, vimos que da fiestra dunha casa colgaba un cartel: «Apartamentos amoblados». A localización do inmobile pareceunos axeitada, de modo que entramos. Gustounos a disposición dos cuartos e adquirimos un compromiso de alugueiro dunha semana, mais ao terceiro día capitulamos. Non houbo nada na terra capaz de convencer a miña dona para que quedásemos máis tempo, e non me estraña.

—Que vistes?

—Perdoa pero... non teño o menor interese en ser ridiculizado nin tachado de fantasioso ou de supersticioso; porén, son consciente de que tampouco non che podó pedir que aceptes o meu relato sen máis aquel,

pois por non vivilo ti cos teus propios sentidos é normal que che pareza un desatino.

»Permíteme tan só que che diga unha cousa: o que nos desconcertou non foi tanto o que vimos ou escoitamos (a ese respecto, é lóxico que supoñas que nos afectou a nosa propia conturbación ou que fomos vítimas das imposturas doutros), coma o indescribible arrepío que predeu en ambos non ben atravesamos o limiar da porta dunha determinada estancia sen amoblar..., na cal non vimos nin escoitamos ren. E o máis asombroso de todo foi que, por unha vez na vida, estiven de acordo coa miña esposa (por máis que ela non teña moitas luces) e admitín, pasadas as tres primeiras noites, que sería imposible permanecer unha cuarta naquela mansión.

»Xa que logo, ao espontar a mañá do cuarto día, púxenme en contacto coa señora que rexentaba o inmoble e que previamente nos atendera; comuniquéille que os cuartos non se axustaban ás nosas necesidades, e que por tanto non remataríamos a semana. A señora contestou, secamente:

»—Coñezo o motivo. Xa quedaron máis do que ningún outro hóspede; mesmo non foron moitos os que ficaron unha segunda noite, e ninguén antes ca vostedes botou alí unha terceira. Imaxino que os trataron con maior amabilidade ca aos anteriores inquilinos.

»—Que nos trataron...? Quen? —preguntei eu, cun medio sorriso finxido.

»—Pois aqueles que encantaron a casa, quenquera que sexan. A min tanto me ten; teño acordo deles dende hai moitos anos, de cando eu residía alí, e non como

